



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

### **ACTA CONSTITUCIÓN XURADO E DITAME DO “XXV CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA 2021”**

Nesta vinte cinco edición do certame e fieis ao seu espírito, seguimos co obxectivo de promover o valor creativo e literario da nosa lingua. A través da concellaría de cultura, desexamos un ano máis, apoiar os novos valores da nosa cultura e as nosas letras, para que deste xeito sirva de estímulo ás xentes da escrita.

Previa a esta xuntanza achegóuselles a cadansúa persoa os orixinais presentados ao premio, e fíxose unha valoración dos traballos finalistas que cada quen aportou, acordando a data do 29 de maio para unha primeira criba a través de correo electrónico. Unha vez recibidas as propostas, reenviouse a selección de finalistas aportada de cada unha das categorías a tódalas persoas que compoñen o xurado, a fin de volver a reler os traballos de cara á reunión presencial que se fixou para o día 6 de maio ás cinco da tarde na Casa da cultura de Outes.

Sendo as 17:00 horas do xoves 6 de maio de 2021, réunense na Casa da cultura do Concello de Outes, as persoas que a continuación se indican:

**Silvia Penas Estévez. Poeta e filóloga.**

**Carlos Rodríguez Pérez. Profesor de lingua e asesor de formación de linguas cooficiais no CAFI.**

**Lara Dopazo Ruibal. Xornalista e poeta.**


**Iria Fernández Moscoso. Profesora de lingua e literatura galega.**

Intervén como secretario, Santiago Nieto Romarís, técnico de cultura do Concello de Outes, quen levanta acta e, a continuación presenta ás persoas que compoñen o xurado e que ata este momento non eran coñecedoras entre elas da súa participación como xurado desta edición.

Seguidamente procédese á valoración dos poemarios recibidos dentro do prazo sinalado.

#### Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos:

O xurado decidiu outorgar o primeiro premio, 150 euros en libros e publicación da obra, ao traballo presentado baixo o título “*Un poema*” que resultou ser da autoría de Arwen Fernández García, concursante de 7 anos e natural de Panxón, Nigrán, Pontevedra, estudante no CEIP Humberto Juanes de Nigrán. O xurado destaca o vitalismo da súa composición, así como o axeitado manexo das repeticións e das rimas o que lle imprime un acertado dinamismo ao poema.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

Acada o accésit, publicación, o traballo titulado “Natureza... natureza” que aberta a plica corresponde a Kiara Pastoriza Rebollido de 7 anos e natural do Freixo, Outes, estudante do CEIP plurilíngüe de Outes. O xurado destaca do seu poema a valoración que a autora fai da natureza como unha ponte de benestar e felicidade... de optimismo.

### Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos:

O xurado por unanimidade outorga o primeiro premio, 180 euros en libros e publicación da obra ao traballo titulado “A loba perdida”, aberta a plica corresponde á autoría de Tiago de Blas Sánchez de 8 anos de idade, natural de Brión e alumno do CEIP Agro do Muíño, Ames. O xurado destaca da composición a acertada construción que fixo o autor no tocante ao ritmo e á rima, así como a descrición que fai do animal, fuxindo dos tópicos e sen aportar xuízos previos.


O xurado acorda premiar co Accésit compartido – publicación – ao poema “Que a marea te leve” da autoría de Ildara González Ferreiro de 9 anos de idade e estudante no CEIP Santa Mariña-Cabral, Vigo. O xurado valora este traballo, polo manexo que fai a autora, ao longo da composición, da lingua e a riqueza lingüística, así como ese convite que ofrece, provocando á reflexión.

O outro accésit compartido foi para o traballo titulado “O mariñeiro”, -publicación-, aberta a plica corresponde á autoría de Mauro Ferro Rey, de 8 anos de idade, natural da Estrada e estudante no CEIP do Foxo desta localidade, o xurado quixo destacar deste traballo, a tenrura e o valor polo aspecto sentimental que flúe da composición.

### Categoría C: Nenos e nenas de 10 a 11 anos:

A estimanza do xurado, acada o primeiro premio por unanimidade -210 euros en libros e publicación- o poema titulado “Poema gordo (ou case)” aberta a plica corresponde coa autoría de Xoel Sequeiros Paz de 11 anos de idade, natural de Marín e estudante no CEP Sequelo, Marín. Desta composición o xurado salienta o aspecto didáctico e porén o xogo que fai coa construción poética. O enxeño que desprende, así como as rimas elegantes e constantes que vai creando.

O xurado decide outorgar accésit compartido – publicación - aos traballos titulados “Un lugar no corazón” cuxo autor é Rubén Argibay Pidre de 11 anos de idade, natural de Marín e estudante no CEP Sequelo, desta localidade. Composición que resalta, polo xogo tan efectista que fai o autor cos sentidos e o manexo do ritmo.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

O outro accésit compartido – publicación – foi para o traballo titulado “Poema felino” da autoría de Breixo Vidal Salgueiro, de 10 anos de idade e natural de Marín, estudante no CEP Sequelo de Marín. O xurado valora a grande orixinalidade da composición, así como o xogo que realiza dos recursos poéticos en relación coas características felinas, contraponendo e enriquecendo ámbalas dúas.

### Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos:

Acada o primeiro premio, - 240 euros en libros e publicación - o traballo titulado “Traxecto” aberta a plica correspóndese coa autoría de Irene Estévez Pazos de 12 anos de idade natural de Marín e estudante do CEP Sequelo, Marín. O xurado destacou a sinxeleza da composición. A forma tan orixinal que tivo a autora para definir e reescribir o campo semántico da auga. Comeza a composición co nacemento e remata coa morte, construindo un corpus redondo e pechando así ese círculo de nacemento e morte.

O xurado decide outorgar o accésit ao traballo titulado “Tocar fondo”, aberta a plica a autoría correspóndese con Noa de Blas Sánchez de 13 anos de idade, natural de Brión e estudante no IES de Brión. Destaca do traballo, a carga introspectiva pola cal navega a autora. Composición sinxela e curta pero rotunda nas imaxes que evoca e cuxo ton reflicte acertadamente o estado anímico polo que transitan moitos e moitas adolescentes.

### Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos:

Por unanimidade, o xurado decide outorgar o primeiro premio – 480 euros e publicación - ao traballo titulado “Komorebi, raiolas de luz que deixan pasar as follas das árbores”. Aberta a plica a autora é Laura Valeria Gutiérrez Caneda, de 16 anos de idade, natural de Xinzo da Limia e estudante no IES Cidade de Antioquía. O traballo chamou a atención do xurado polo xogo que a autora fai na construción e disposición do corpus poético con versos curtos moi ben artellados, o que lle imprime velocidade e o dota de grande ritmo e dinamismo. O seu traballo reflicte tamén moita vontade poética, nese xogo metafórico “co lume” que vai arrastrando ao longo do traballo.

O xurado outorga o accésit -publicación- ao traballo titulado “Do once de novembro ao sete de agosto” aberta a plica correspóndese coa autora Sabela Martínez Viéitez de 15 anos de idade natural de Pontearreas e estudante no Colexio Plurilingüe La Inmaculada da mesma localidade. O xurado destacou da composición a “denuncia” que a autora vai transmitindo por toda a composición do papel da muller, do limitado poder de decisión da protagonista sobre a súa propia vida, dese “casamento amañado”, etc...



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

### Categoría F: Maiores de 18 anos:

Á estimanza do xurado acada o primeiro premio – 1500 euros e publicación- o traballo titulado “Impostura” aberta a plica correspóndese a Paula Antía Rey Valiña de 24 anos de idade e natural de Iria Flavia, Padrón. O xurado destacou o manexo dos recursos literarios que fai a autora o que redunda na acertada construción da súa voz poética. Trata o tema da muller dende unha perspectiva feminista e cunha óptica moi acertada. De grande interese é tamén o contexto histórico que impón e o xogo de personaxes que acertadamente vai presentando.

Accésit – publicación – a estimanza do xurado, foi para o traballo titulado “Toxicidade”, aberta a plica correspondeu a Abraham Pérez Fernández, de 30 anos de idade e natural da cidade de Lugo. Do seu traballo destacan eses finais moi ben conseguidos a nivel poético, e de contido. Creando o autor un traballo moi maduro cunhas imaxes moi potentes, con sentenzas firmes e ben artelladas.

Remata a sesión sendo as 19:23 horas.

E para que así conste, asinan a acta todas e cada unha das persoas que integran o xurado do “XXV Certame Francisco Añón de poesía”.

Outes, 6 de maio de 2021